



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.es>
e-mail: correo@betanzos.net

CERTIFICADO

Daniel Pereiro Cachaza, secretario do Concello de Betanzos (A Coruña)

CERTIFICO o acordo que deseguido transcribo:

<<A Xunta de Goberno Local do Concello de Betanzos, na sesión Ordinaria do xoves 10 de xullo de 2025, aprobou o seguinte ACORDO:

4.- APROBACIÓN DE CONVOCATORIA E BASES DE SUBVENCÍONS DIRIXIDAS ÁS ENTIDADES DEPORTIVAS PARA O ANO 2025 DO CONCELLO DE BETANZOS

Dáse conta dunha proposta que indica o seguinte:

“EXPEDIENTE: CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓN MUNICIPAL DIRIXIDAS ÁS ENTIDADES DEPORTIVAS PARA O ANO 2025 DO CONCELLO DE BETANZOS.

ASUNTO: CONVOCATORIA E APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DE SUBVENCÍONS DIRIXIDAS A ENTIDADES DEPORTIVAS PARA O ANO 2025 DO CONCELLO DE BETANZOS.

EXP DE ORIGE: 2025/A002/000011

EXPEDIENTE: 2025/G006/000140

PROPOSTA CONCELEIRO DELEGADO PARA A CONVOCATORIA E APROBACIÓN BASES.

ANTECEDENTES

PRIMEIRO. O Concello de Betanzos é consciente de que esta CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS ÁS ENTIDADES DEPORTIVAS PARA O ANO 2025 DO CONCELLO DE BETANZOS fomenta o seu papel fundamental nos diversos ámbitos da actividade deportiva, contribuíndo a un exercicio activo da cidadanía, representando os intereses dos cidadáns e desenvolvendo unha función esencial e imprescindible no desenvolvemento do concello.

SEGUNDO. Providencia de inicio do concelleiro delegado de data 10.06.2025 incoando o procedemento para a aprobación das DAS BASES REGULADORAS DE SUBVENCÍONS DIRIXIDAS A ENTIDADES DEPORTIVAS PARA O ANO 2025 DO CONCELLO DE BETANZOS.

TERCEIRO. Constan no expediente as bases reguladoras e os modelos normalizados para a solicitude asinados polo concelleiro delegado en data 10.06.2025.

CUARTO . Informe da Secretaría sobre o procedemento a seguir de data 10.06.2025.

QUINTO. Informe da Intervención Municipal de data 02/07/2025 sobre a existencia de crédito.

A Lexislación aplicable ao asunto é a seguinte:

— A Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.es>
e-mail: correo@betanzos.net

- O Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia
- A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas
- Os artigos 23 a 29 do Decreto do 17 de xuño de 1955, de servizos das corporacións locais
- Os artigos 80 e 294, de Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia
- O artigo 232 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais
- O artigo 28 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.
- A Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

— ORDENANZA XERAL DE SUBVENCÍONS DO CONCELLO DE BETANZOS Publicación provisional : 10-11-2021 BOP Nº 214 -- Publicación definitiva: 02-02-2022 BOP Nº 22.

CONSIDERACIÓNS

PRIMEIRA. Foi emitido informe de Secretaría no que se indicaba a lexislación aplicable e o procedemento para convocar e conceder as subvencións.

SEGUNDA. Foi emitido informe de Intervención con data sobre a existencia de crédito para a atención do gasto derivado da concesión das ditas subvencións.

Visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na lexislación aplicable polo que procede a súa aprobación polo alcalde de acordo co artigo 61.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, en concordancia co artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **PROPOÑO:**

PRIMEIRO. Aprobar a convocatoria de subvencións a entidades deportivas correspondentes ao exercicio 2025.

SEGUNDO. Aprobar as bases reguladoras da CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS ÁS ENTIDADES DEPORTIVAS PARA O ANO 2025 DO CONCELLO DE BETANZOS, que constan anexas a este expediente.

TERCEIRO. Aprobar os modelos normalizados para a solicitude e a xustificación das subvencións.

CUARTO. Publicar a mencionada convocatoria no *Boletín Oficial da Provincia*, no taboleiro de anuncios do Concello, na páxina web do Concello, na sede electrónica municipal. Así mesmo, remitir a documentación necesaria sobre a convocatoria á Base Nacional de Subvencións para darlle publicidade á convocatoria.

QUINTO. Dar traslado da presente resolución aos distintos servizos administrativos da Corporación."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as asistentes, ACORDA aprobar esta proposta coa corrección da errata detectada no anexo de xustificación: onde di "entidades medio ambientais" debe dicir "entidades deportivas".>>



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.es>
e-mail: correo@betanzos.net

E para que conste para os efectos oportunos, coa excepción prevista no artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, no senso de que o borrador da acta da sesión mencionada non se someteu aínda á aprobación, e a reserva dos termos que resultan desta, expido e asino este certificado co visto e praxe da alcaldesa, dona María Barral Varela.

Betanzos, na data que figura na marxe

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

A alcaldesa
María Barral Varela

O secretario
Daniel Pereiro Cachaza